

QUEIZÁN, María Xosé (2017): *Rosalía de Castro e o poder sexual*. Vigo: Xerais, 147 pp.

Numerosos son os estudos que tratan sobre a vida e a obra de Rosalía, unha das figuras máis emblemáticas e representativas de Galicia e da literatura galega. Con todo, e a pesar deste seu incuestionable recoñecemento, non só se volve a investigar sobre ela por este motivo, se non que moitas voces críticas, desde aproximadamente os anos 80, volveron sobre a súa figura cuestionando a interpretación tradicional que as institucións posúen e difunden da poeta.

Neste labor estivo e segue a estar inmersa María Xosé Queizán, escritora consolidada das nosas letras e directora da revista feminista *Festa da palabra silenciada*, quen en *Rosalía de Castro e o poder sexual* presenta un ensaio no que se reclama unha relectura da obra e da vida rosalianas, e onde se demostra a necesidade interpretar a súa figura desde a perspectiva de xénero, para deconstruír e, en definitiva, acabar por entender a verdadeira, histórica e pioneira Rosalía de Castro.

Desde o punto de vista da súa estrutura, o índice do ensaio indícanos tres partes diferenciadas, que se corresponden con cadanseu xénero literario: a primeira parte, constituída polo propio ensaio, a segunda formada por poemas e a terceira composta por dous relatos. De todos os xeitos, aínda que esta é a súa división, persoalmente coído que a obra se pode entender como un todo formado por dúas partes, a ensaística e a literaria, guiadas por un único fío condutor: entender a verdadeira obra e personalidade de Rosalía de Castro.

Polo que concirne á primeira parte, a ensaística, esta componse por diferentes apartados nos que se desglosan, nomeadamente, os temas máis destacados da obra rosaliana, cos que se pretende demostrar a manipulación á que foi sometida a súa figura, e o constante moldeamento froito da visión patriarcal, que levou a interiorizarmos esa visión popular tan

estendida (pp. 39-40), afastándoa da Rosalía máis social e máis feminista.

Por outro lado, e en relación á segunda parte de cariz literario, esta componse dunha serie de poemas debidamente seleccionados, así como por dous relatos, que permiten reincidir nas teses defendidas por María Xosé Queizán ao longo do ensaio, ao mesmo tempo que nos axudan a entender, quer desde a lírica, quer desde a narrativa, a verdadeira razón de ser de Rosalía e da súa obra.

É este, por tanto, un ensaio abertamente reivindicativo no que non só se racha coa visión romántica, entre outras etiquetas, de Rosalía, se non que a autora coída un traballo xusto e necesario para finalizar coa visión arcaica e reaccionaria que se ten da poeta, pagando así a débeda que temos contraída cunha das figuras máis recoñecidas a nivel mundial (p. 64).

Un ensaio breve, directo e debidamente documentado con abondosas referencias bibliográficas, que achega o lector ou a lectora a unha fonda reflexión sobre como os intereses persoais ou colectivos poden marcar e influír, distorsionando, a percepción histórica de diferentes acontecementos ou de figuras emblemáticas, como o é neste caso. A revisión forma parte da investigación e este é un traballo necesario, que nos axuda a obter outro enfoque, pois dá luz sobre moitos aspectos rosalianos que se consideraban herméticos, como por exemplo o da *negra sombra*, recorrente na súa poesía.

Queizán, neste seu ensaio deixa claro desde o principio que para ela, e para outras estudosas, a obra de Rosalía é feminista *avant la lettre*, polo que un dos leitmotiv da obra rosaliana é precisamente a denuncia do poder patriarcal (pp. 9-10). Anunciando xa isto desde as primeiras páxinas, proclama a súa intención de desarticular o discurso establecido, ofrecéndonos unha argumentación sólida, baseada

tanto nas propias letras da inmensa obra rosaliana como en diferentes estudos sobre esta, que permiten abrir camiño a esta nova interpretación rosaliana.

Por tanto, e a pesar de que hai certa redundancia argumentativa nalgunha pasaxe, a súa contundencia, claridade, condensidade e brevidade fan deste un ensaio accesible para o público en xeral. Ademais, cabe dicir que resulta certamente necesario, non só por todo o dito ata o de agora, se non tamén polo carácter actual que posúe o movemento feminista. Neste sentido, tanto a propia obra de Rosalía de Castro como o *Rosalía de Castro e o poder sexual* convértense en ferramentas esenciais para

entender as diversas loitas e reivindicacións do movemento morado.

En definitiva, Queizán ofrécenos con este traballo a posibilidade de adoptar unha nova visión de Rosalía e dos estudos rosalianos, posto que aposta por unha unha perspectiva máis veraz, “liberando a súa obra da lousa que a esmagaba e confundía” (p. 87). Para finalizar, o ensaio remata amosando unha actitude aberta e positiva, no que se festexa a propia grandeza rosaliana: unhas palabras que cada vez son menos silenciadas.

Paula Cousillas Pena
Universidad Complutense de Madrid
paulacou@ucm.es